

EXPEDIENTE:	2026/00031638M
PROCEDEMENTO:	Xestión de subvencións nominativas

PROPOSTA DE CONVENIO

CONVENIO ENTRE A ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E INSERCIÓN LABORAL PLATAFORMA POLO EMPREGO E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2026.

Dunha parte, D^a María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2023

Doutra parte, D. Miguel Fernández Blanco, con documento nacional de identidade número 33.308.177-Z, representante legal da Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego, con domicilio social en Santiago de Compostela na rúa dos Concheiros 33, 1º C.P. 15.703 en Santiago de Compostela, con CIF G-15.795.818, como entidade sen ánimo de lucro inscrita no rexistro central de asociacións da Xunta de Galicia co número 2001/000663-1 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 320.

Interveñen ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

□
□ **EXPOÑEN**

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o ao abeiro do disposto no artigo 25.2.e da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- IV. O Concello de Santiago para levar a cabo coa colaboración da Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2024, que de acordo co establecido no

seu artigo 33 achegará a cantidade de **doce mil euros (12.000-€)** con cargo á aplicación orzamentaria **020 23103 4800002**.

É, polo que as partes

□ MANIFESTAN

- I. Que a **Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego** ten como obxectivo principal, conforme ao artigo 2 dos seus estatutos vixentes: Promocionar a formación, o emprego e a integración social, particularmente de colectivos en situación de especial necesidade ou que sofren algún tipo de discriminación social, económica, política, relixiosa, por razón de sexo ou de calquera outra índole. Concretamente, é obxecto prioritario das actividades da plataforma traballar cos colectivos de persoas en risco ou situación de exclusión social entre os que se encontran:
- Inmigrantes residentes na comunidade que polas circunstancias dificulten a súa integración social.
 - Emigrantes retornados con graves necesidades persoais e/ou familiares.

Para a consecución destes fins a **Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego** pode, segundo o previsto no artigo 3 dos seus estatutos, no exercicio da súa propia actividade, desenvolver proxectos para a consecución dos seus obxectivos e realizar cantas actuacións sexan conducentes cara ao mellor logro dos seus fins.

- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir dar estabilidade á colaboración que se ven producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas do colectivo de persoas migrantes (inmigrantes e emigrantes retornados) require a implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social. En consecuencia,

□ CONVEÑEN

PRIMEIRO.- OBXECTO

É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que a **Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego** desenvolva durante o ano 2026 o **PROXECTO “COMPOSTELA CONVIVE”** dirixido principalmente á poboación migrante, co que se pretende, por medio das actividades que se indican, levar a cabo accións personalizadas, individuais e grupais que teñen como finalidade:

-A promoción da interculturalidade en xeral de todas aquelas persoas que estean desempregadas ou que precisen mellorar a súa situación sociolaboral, prestando unha atención máis específica a aquelas persoas migradas que se atopan en situación ou risco de exclusión social ou con especial dificultade á hora de inserirse social e laboralmente.

-Promover a convivencia e a inmersión sociocultural na sociedade galega de acollida.

-Fortalecer a cohesión grupal e as redes entre participantes para aumentar a confianza nos recursos persoais e comunitarios para facer fronte colectiva diante da situación socioeconómica de crise que estamos a vivir.

OBXECTIVO XERAL: Mellorar a situación sociolaboral e sociocultural das persoas destinatarias do proxecto.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- 1-Adquisición de recursos sociais, técnicos e persoais para a procura de emprego.
- 2-Adquisición dunha formación en lingua galega para alcanzar un maior grao de comunicación coa cultura de acollida.
- 3-Promoción da convivencia e coñecemento de diferentes culturas.
- 4-Promoción da convivencia para o fortalecemento do movemento asociativo.
- 5-Fomento da vida comunitaria e a cidadanía activa.

Número de persoas migrantes potencialmente usuarias do programa:

NÚMERO APROXIMADO: 150 PERSOAS

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

1-ATENCIÓNS PERSONALIZADAS PARA O APOIO NA BUSCA DE EMPREGO
PROXECTO “COMPOSTELA CONVIVE”

OBXECTIVO: adestramento personalizado para a adquisición dos recursos e habilidades sociais básicas para a busca de emprego.

ACTIVIDADE: titorías personalizadas de apoio á busca activa de emprego

DATAS: Dende o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2026

Destinatarios/as: persoas migrantes desempregadas ou con emprego precario.

2-ENCANTRO LITERARIO

OBXECTIVOS:

- Educar en valores a través da literatura, promovendo unha cultura de respecto e tolerancia.
- Concienciar a través de testemuños reais, humanos e tanxibles.
- Promover a creación de espazos diversos e inclusivos, nos que toda cultura teña cabida.
- Habitar a cidade para promover unha convivencia local intercultural, libre de estereotipos e de prexuízos.
- Potenciar a implicación e o compromiso social na loita pola igualdade e pola diversidade.

ACTIVIDADE:

A actividade consistirá nunha conversa aberta e participativa arredor dos libros *La luna está en Duala* e *El latir de un continente*. A través destas obras, as persoas asistentes poderán achegarse a diferentes realidades sociais, culturais e históricas do continente africano, así como reflexionar sobre cuestións relacionadas coa identidade, as migracións, a diversidade cultural, os dereitos humanos e o diálogo intercultural.

O encontro contará coa participación do seu autor, Sani Ladan, quen compartirá co público as motivacións que deron lugar ás obras, as experiencias persoais e

profesionais que inspiraron a súa escrita e as reflexións que atravesan ambos libros. A súa presenza permitirá establecer un diálogo directo coas persoas asistentes, enriquecendo o intercambio de ideas e perspectivas.

3- ENCONTROS CONVERSATORIOS

OBXECTIVOS:

- ☐ Crear espazos seguros de encontro e participación para mulleres migrantes.
 - ☐ Favorecer o intercambio de experiencias, saberes e traxectorias vitais.
 - ☐ Fortalecer redes de apoio mutuo e vínculos comunitarios.
 - ☐ Promover a reflexión sobre os procesos migratorios e as súas causas sociais e políticas.
 - ☐ Visibilizar situacións de discriminación e microviolencias asociadas á experiencia migratoria.
- Impulsar narrativas inclusivas e antirracistas desde unha perspectiva colectiva.

ACTIVIDADE:

Propónse a realización de dous encontros-conversatorios dirixidos principalmente a mulleres migrantes, entendendo que estas afrontan retos específicos derivados da intersección entre xénero, orixe, situación administrativa, condición socioeconómica e outros factores que poden incrementar as situacións de desigualdade e discriminación. Estas actividades pretenden ofrecer espazos seguros de participación onde compartir experiencias, fortalecer vínculos comunitarios, reflexionar colectivamente sobre os procesos migratorios e promover narrativas alternativas que contribúan á construción dunha sociedade máis inclusiva e respectuosa coa diversidade.

Conversatorio: “Aquí florecemos”

Construción dun espazo participativo e acolledor destinado a posta en común de experiencias migratorias, desafíos, aprendizaxes e fortalezas. Así, a través de dinámicas de presentación, diálogo e escoita activa, as participantes poderán coñecerse, recoñecer experiencias comúns e crear novas conexións.

O encontro facilitará a creación de comunidade entre mulleres migrantes residentes en Santiago, promovendo o coidado mutuo, a solidariedade e a construción de redes informais de apoio que contribúan á súa inclusión social e participación comunitaria.

Conversatorio: “Sementes creativas”

Constitución dun espazo de creación colectiva onde as participantes poderán imaxinar e construír novos relatos sobre a migración, a convivencia intercultural e a diversidade. Mediante metodoloxías participativas e expresións creativas, abordarase o impacto das microviolencias, os medos e os estereotipos, explorando estratexias para a súa desactivación.

O conversatorio promoverá a colectivización de coñecementos e experiencias, favorecendo a emerxencia de discursos e narrativas antirracistas que contribúan a

transformar as percepcións sociais sobre as persoas migrantes e a fortalecer a súa participación cidadá.

4-PROXECCIÓN DOCUMENTAL “LOS CAYUCOS DE KAYAR”

OBXECTIVOS:

- Sensibilizar e visibilizar a través dun documental, que pon no foco as vivencias e narrativas das persoas migrantes, en primeira persoa.
- Fomentar o diálogo e a convivencia intercultural, a través dun coloquio que permite conectar cos/coas protagonistas da historia interpretada.
- Fomentar a creación de novas formas de sensibilizar e xerar pensamento crítico a través da arte.
- Habitar a cidade para promover unha convivencia local intercultural, libre de estereotipos e de prexuízos.
- Potenciar a implicación e o compromiso social na loita pola igualdade e pola diversidade.

ACTIVIDADE:

A actividade consistirá na proxección dun documental orientado á reflexión sobre os procesos migratorios e as realidades que viven as persoas que se ven obrigadas a deixar os seus países por motivos de violencia, persecución ou desigualdade. Mediante esta iniciativa búscase favorecer a sensibilización da cidadanía, fomentar a convivencia intercultural e xerar espazos de diálogo e intercambio. O documental ofrece unha aproximación directa e humana ás experiencias migratorias, visibilizando as múltiples dimensións que forman parte destes percorridos vitais.

Los Cayucos de Kayar é unha curtametraxe documental dirixido por Álvaro Hernández Blanco quen acompaña a Thimbo Samb no seu regreso a Kayar, a un pobo pesqueiro de Senegal, tras quince anos vivindo en España. A través desta viaxe de retorno, o documental explora as complexas emocións de quen vive entre dous mundos: a nostalgia por a terra de orixe, o desarraigo, a esperanza e as contradicións que acompañan á experiencia migratoria.

O filme tamén mostra como os mozos de Kayar, o seu pobo natal, ven en Thimbo coma un exemplo de éxito e soñan con seguir os seus pasos emprendendo a perigosa travesía cara Europa. Fronte a isto, o protagonista reflexiona sobre as expectativas, os sacrificios e as realidades da migración, ofrecendo unha mirada profundamente humana que vai máis alá dos estereotipos.

Así pois, o propósito da actividade consiste en visibilizar os relatos e as narrativas das persoas migrantes a través da mencionada peza documental. Tras a proxección, terá lugar un debate co público asistente, abrindo un espazo de coloquio e reflexión coas persoas asistentes.

5-OBRAOIROS GASTRONÓMICOS

OBXECTIVOS:

- Sensibilizar e visibilizar a través dunha actividade creativa, no eido da gastronomía,

a enriquecedora diversidade cultural existente na cidade.

- Intercambiar experiencias entre as persoas participantes, cunha linguaxe inclusiva e fomentar os valores do respecto e do recoñecemento da pluralidade.
- Fomentar a creación de novos espazos diversos e inclusivos, nos que toda cultura teña cabida.
- Habitar a cidade para promover unha convivencia local intercultural, libre de estereotipos e de prexuízos.
- Potenciar a implicación e o compromiso social na loita pola igualdade e pola diversidade.

ACTIVIDADE:

A actividade proposta reúne, ao longo de varias xornadas, diferentes mostras gastronómicas que se desenvolverán nun formato de degustación, co fin de dar a coñecer a cociña tradicional das diferentes comunidades e países representados. Así, a través de pequenos bocados afondarase na diversidade de raíces da cociña dos diferentes pobos do mundo.

Coa fin de dinamizar e fortalecer o contexto máis inmediato, para o desenvolvemento da actividade contarase con diferentes profesionais no mundo da restauración, que desenvolvan a súa actividade na cidade de Santiago de Compostela e/ou na contorna próxima. Ademais, a actividade será executada nun lugar emblemático e de referencia tanto para estes expertos da cociña como tamén para residentes e visitantes: a Praza de Abastos. Concretamente, nas instalacións da Aula Gastrocultural, que pon a disposición un espazo no que cociñar, aprender e compartir en conxunto.

Os/as cociñeiros/as participantes serán os responsables de facer provisión dos recursos necesarios para o abastecemento da cociña en cada unha das xornadas. Do mesmo xeito, serán estas persoas as encargadas de guiar a actividade; expoñendo as fases de preparación, elaboración e degustación do produto. Para isto, existirá unha fase previa de creación e deseño da mostra culinaria de referencia para cada un dos lugares representados, en función da expresión artística de cada profesional participante e do compoñente cultural que alberga cada manxar presentado.

Así, as persoas asistentes coñecerán e aprenderán diferentes técnicas gastronómicas que, a través da mente e do padal, nos trasladan a lugares concretos e representan tradicións e culturas determinadas. Está será, pois, unha achega persoal e íntima aos e ás comensais participantes.

6-CELEBRACIÓN DO DÍA DA FESTA PARIA DE PERÚ

OBXECTIVOS:

- Educar en valores a través da arte da danza, promovendo unha cultura de respecto e tolerancia.
- Fomentar a consolidación de espazos diversos e inclusivos, nos que toda cultura teña cabida.
- Habitar a cidade para promover unha convivencia local intercultural, libre de estereotipos e de prexuízos.

- Potenciar a implicación e o compromiso social na loita pola igualdade e pola diversidade.

ACTIVIDADE:

O día 26 de xullo conmemórase o día da Festa Patria de Perú, unha festividade que xa conta cunha traxectoria significativa na cidade compostelá; organizándose ano tras ano.

Nesta nova edición, continúaase coa proposta itinerante iniciada o pasado ano, que transita por algunhas das rúas máis emblemáticas da cidade. Nun percorrido que terá o seu comezo na Praza do Obradoiro, os diferentes grupos de baile, liderados por un/unha profesional do mundo da danza, marcarán os tempos para trazar unha mostra dun total de catro bailes tradicionais peruanos. Formarán parte da mostra unha peza representativas de diferentes lugares do país; dende a costa, a serra e a selva, contando tamén cunha peza infantil para os/as máis cativos/as. Os/as diferentes profesionais implicados/as contarán con traxes de baile tradicionais, dotando a mostra dun gran valor etnográfico.

Deste xeito, e para que as diferentes danzas sexan ben interpretadas e diferenciadas, e tamén para que a loxística a pé de rúa sexa o máis fluída e amable posíbel, os distintos grupos saíran en diferentes tempos dende o lugar de comezo do itinerario, chegando, polo tanto, dun xeito secuencial á fin do mesmo.

Unha vez que todas as persoas participantes cheguen ao punto de encontro -Praza Roxa-, os grupos de danza volverán a representar, un a un, os seus respectivos bailes co obxectivo de achegalos a un maior número de xente. Neste espazo tamén se contará cun pequeno posto, no que se facilitará información sobre a actividade en si, sobre a festividade que está tendo lugar e sobre a cultura peruana en xeral. Este posto estará dotado cun equipo de son para propiciar a representación de baile e tamén con materiais de difusión asociados ao evento.

7-FESTIVAL INTERCULTURAL

OBXECTIVOS:

- Visibilizar, sensibilizar e aproximar a realidade intercultural da cidade.
- Potenciar os lazos entre o movemento asociativo.
- Promover a creación de espazos diversos e inclusivos, nos que toda cultura teña cabida.
- Habitar a cidade para promover unha convivencia local intercultural, libre de estereotipos e de prexuízos.
- Potenciar a implicación e o compromiso social na loita pola igualdade e pola diversidade.

ACTIVIDADE:

A XI edición do Festival Intercultural consistirá, un ano máis, nun encontro diverso, no que se as protagonistas serán comunidades migrantes que habitan a cidade; compartindo -dun xeito multidisciplinar- as súas culturas de orixe.

Para isto, disporanse stands con información e elementos representativos de cada país, co fin de amosar e achegar a riqueza cultural dos territorios de orixe. Ofreceranse, ademais, pequenas degustacións de pratos típicos, así como as receitas dos mesmos. Ademais da parte gastronómica, tamén terá lugar unha mostra artística. Neste senso, representaranse diversidade de ritmos, danzas, cancións, poesías e diferentes expresións da tradición oral das comunidades participantes.

Unha oportunidade para coñecer as diferentes culturas que cohabitan no espazo e tempo. Consistindo, en definitiva, nunha xornada de convivencia na que evidenciar a riqueza cultural que conforma a nosa cidade e de poder desfrutala e compartila entre veciños e veciñas.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- Recursos humanos:

Materiais implicados na organización do proxecto:

1 técnico responsable do desenvolvemento do proxecto e actividades, 3 técnicos para execución de actividades e 2/3 monitores/docentes para o desenvolvemento, material de oficina e informático, material necesario e específico para cada actividade.

DATAS

Do 1 de xaneiro ao 30 de setembro 2026

SEGUNDO.- A Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

2.1.- Copia da escritura de constitución da entidade; e do poder de representación da mesma.

2.2.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago.

2.3.- Declaración xurada do representante legal da entidade de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.4.- Copia do CIF da Entidade

2.5.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a **Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego** como titular e o seu número de conta, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

TERCEIRO.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

CUARTO.- AMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial de desenvolvemento das actividades será o municipio de Santiago de Compostela

QUINTO.- PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO

Persoas inmigrantes que residen no Municipio de Santiago de Compostela, de xeito regular ou irregular, así como persoas emigrantes retornadas residentes neste Concello. As accións para facilitar a inserción laboral deberán ir destinadas a persoas en situación de desemprego, e que podan estar en disposición de traballar ao remate das accións obxecto deste Convenio.

Coa finalidade de que desde a UAMI se podan facer derivacións, a entidade comprométese a facilitar á Unidade de Atención ás Migracións do Concello a través do enderezo electrónico migracions@santiagodecompostela.gal - información detallada das datas, horario concreto e lugar de realización das diferentes actividades obxecto deste convenio, antes da realización das mesmas.

SEXTO.- CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2026 a **Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego** coa cantidade de **21.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **020-23103-4800002**, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a realización das actividades indicadas no punto primeiro deste convenio (gasto desagregado na solicitude de subvención, no modelo CS006E/I, na páxina 5).

SETIMO.- A **Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego**, deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da UAMI. Para isto:

7.1. Nas dependencias da entidade e no lugar onde se realicen as actuacións obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel

informativo en que apareza o anagrama e o lema *UAMI. Concello de Santiago*. A isto deberase engadir a lenda, de obrigada inclusión, de que dito programa ou actividade está financiada polo mesmo.

7.2.- Colocación do anagrama e o lema *UAMI. Concello de Santiago* en todo o material utilizado para a difusión pública das actividades obxecto deste convenio, así como nas páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión. A isto deberase engadir a lenda, de obrigada inclusión, de que dito programa ou actividade está financiada polo Concello.

OITAVO.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio:

8.1.- Aqueles que de feito indubidable responden á natureza da actividade/programa subvencionado e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio

8.2.- As retribucións do persoal destinado á execución e desenvolvemento das actividades/programa subvencionados. Non serán subvencionables os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.

8.3.- Gastos derivados de elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, así como outros gastos correntes considerados estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade/programa subvencionable.

8.4.- En ningún caso son subvencionables gastos de manutención (comidas, servizos de restauración, etc) nin dietas relativas ao persoal que preste servizos no desenvolvemento do Programa.

8.5.- Non se consideran subvencionables aos efectos deste convenio os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados ao proxecto ou actividade subvencionada

8.6.- O orzamento desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos do proxecto/actividade/ obxecto do convenio achéganse na Solicitud de Subvención, Modelo CS006E/I

NOVENO.- XUSTIFICACION E FORMA DE PAGAMENTO

O pago efectuarase nun único prazo previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención. Procederá a minoración do importe cando o orzamento executado teña un custe inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada. **O prazo de xustificación rematará o 30 de setembro de 2026.**

Para facelo efectivo é condición necesaria que a **Asociación para a Promoción social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego** presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **sempre tendo como data límite o 30 de setembro de 2026**, a seguinte **documentación para a xustificación do convenio**:

9.1.- Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto do presente convenio (**ANEXO I**).

9.2.- Unha memoria das actividades realizadas no proxecto (ANEXO II). Deberá xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica e/ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos medios de difusión utilizados. Ademais indicárase as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública, e de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social. En caso de que se elabore e/ou reparta algún tipo de material financiado con este convenio, deberá obter o visto bo da UAMI, tanto o deseño e contido como os criterios de reparto, e, posteriormente, deberá facerse entrega de polo menos dous exemplares á UAMI.

9.3.- Relación detallada de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes, outras administracións, entes públicos ou privados para a mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola persoa representante legal da entidade (**ANEXO I**). No suposto que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá detallarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO III**. En ningún caso a contía da subvención só ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, poderá superar a totalidade do custo da actividade/programa subvencionada ao albor deste convenio.

9.4.- Relación detalla das facturas (na que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/ representante legal da entidade segundo o **ANEXO III**, desagregadas por conceptos segundo o orzamento presentado pola entidade.

9.5.-Declaración da relación de nóminas/retribucións das persoas destinadas a desenvolver a actividade/programa subvencionado (ANEXO III).

9.6.- No momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

A xustificación documental dos gastos imputados á subvención, realizarase por algunha das seguintes formas:

1.- Facturas oficiais (que serán compulsadas no Concello), que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado oitavo do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2026, debendo acreditarse o seu pagamento, preferentemente, mediante xustificantes bancarios con anterioridade a data límite de xustificación.

As facturas deberán reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real Decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no

artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores. Concretamente: número de factura, data de expedición, obxecto do pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura número de identificación fiscal do que expide a factura, e o domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento de pagamento das factura das é obxecto.

As facturas relacionaranse detalladamente segundo o **ANEXO III**, desagregadas por conceptos consonte ao orzamento presentado pola entidade de acordo coa solicitude.

De presentarse **facturas pagadas en efectivo** (para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade), o **importe máximo como xustificante do gasto admitido nesta modalidade de pagamento en metálico para os efectos de xustificación establécese en 300€** (trescentos euros) por factura (**ANEXO IV**). Non se admitirá, en ningún caso, o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste paragrafo.

2.- No caso de imputarse á subvención **gastos de persoal**, deberá achegarse:

- Copia do contrato do persoal destinados especificamente á actividade ou programa obxecto de subvención.
- Nóminas de dito persoal traballador e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar nome da persoa, data de pagamento, o mes que se corresponde co dito pagamento, así como o concepto e o ordenante do pago.
- **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento-
- **Retención á conta do IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria
- **Certificado da empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola persoa titular ou pola persoa representante legal da entidade. En todo caso deberá acreditarme mediante declaración responsable de dita persoa, que o persoal obxecto de subvención está destinado a desenvolver o programa.

A XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO DOS GASTOS IMPUTADOS, realizaranse dalgunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante **transferencia bancaria**, a través de copia do resguardo do cargo da mesma; e conterá, en todo caso, a data de transferencia, importe, concepto, numero de factura, ordenante e provedor/a
- **Cheque**. Ademais da copia asinada, xustificante mediante copia de certificado bancario que deberá indicar a data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- **Efectivo**. Acreditarase a xustificación do pagamento mediante factura na que deberá constar o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado”, a sinatura e data de pagamento, NIF do/a provedor/a, así como unha declaración responsable asinada pola persoa representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo aos fondos da entidade beneficiaria.

- Para o caso de pagamentos realizados mediante **tarxeta de crédito/débito**, deberá achegarse a acreditación da titularidade da mesma, que deberá estar asociada á conta bancaria da entidade.
A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 6ª.

DÉCIMO.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DE XUSTIFICACIÓN

A entidade aterase á presentación da memoria e dos anexos que forman parte deste Convenio. Estes non conterán ningunha epígrafe ou parágrafo manuscrita, agás da sinatura, no seu formato orixinal sen emendas nin riscadas, que darían lugar á inadmisión da documentación.

A presentación realizarase electrónicamente, na sede do Concello de Santiago, dirixindo a documentación de xeito claro á Unidade de Atención ás Migracións -UAMI-. Ademais a entidade deberá remitir, pola vía telemática, os anexos do Convenio debidamente cumprimentados; deberá ser en formato de texto editable WORD (.doc ou .docx.) ao correo electrónico: migracions@santiagodecompostela.gal.

UNDÉCIMO.- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2026.

DUODÉCIMO.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

DÉCIMO TERCEIRO.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

DÉCIMO CUARTO.- Con respecto aos libros e rexistros contábeis que deba levar a **Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego**, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación. Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dando lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

DÉCIMO SEXTO.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta ES63 1491 0001 2130 0009 3638, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

DÉCIMO SÉTIMO.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E TRANSPARENCIA

A Asociación para a Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma polo Emprego é a responsable única e directa do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e esta obrigada ao cumprimento das prescricións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo relativo á protección das persoas físicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como do resto de disposicións normativas que en materia de protección de datos se atopen en vigor á sinatura do convenio ou que poidan estalo durante a súa vixencia.

Darase cumprimento tamén das obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación en particular ás obrigas de publicidade activa.

A entidade queda obrigada a recadar unha autorización, das persoas beneficiarias das actividades obxecto deste convenio, na que expresamente autoricen para que o persoal da UAMI do Concello poda dispor dos seus datos de contacto, coa única finalidade de realizar as comprobacións e verificacións oportunas en relación co obxecto deste convenio.

DÉCIMO OITAVO.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

DÉCIMO NOVENO.- CARÁCTER DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei, 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

A subscrición do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre o Concello de Santiago de Compostela e os profesionais, persoal voluntario, becario, etc da Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral Plataforma Polo Emprego, que desenvolvan accións obxecto do mesmo; polo que a entidade comprométese a manter ao Concello indemne de calquera reclamación, sen poder esixirlle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o

artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

María Rozas Pérez

Pola Asociación para a Promoción Social e
Inserción Laboral Plataforma polo Emprego.
O PRESIDENTE

ANEXO I
DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZÓN SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TELÉFONO/S

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

1. Que a Entidade/Asociación _____ ten cumprido co obxecto do convenio asinado co Concello de Santiago no ano 2026, para o desenvolvemento da Actividade/Programa/Proxecto _____, de conformidade coas cláusulas contidas no mesmo.

2. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.

3. Que esta Entidade cumpre con todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria dunha subvención e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición á que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, pola que se aproba o seu regulamento e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Esta Entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nin co Concello de Santiago de Compostela.

E a tal efecto, **Presento:**

- ☐ **Certificado de Situación de cotización da Tesourería xeral da Seguridade Social.**
- ☐ **Certificado da Delegación Especial de Galicia da Axencia Tributaria.**
- ☐ **Certificado da Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda.**
- ☐ **Certificado da Tesourería do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.**

5. A Entidade está de acordo coas actuacións de control e supervisión da subvención que se leven a cabo por parte do órgano concedente.

6. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

- ☐ Non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- ☐ Ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención doutras administracións públicas

competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P (1)	IMPORTE€ (2)	% (3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S (solicitada), C (concedida), P (percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe de axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

ANEXO II
MEMORIA DO PROXECTO/PROGRAMA
(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN, ENTIDADE OU FEDERACIÓN

NIF

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución
(Máximo 15 liñas)

Obxectivos e prioridades. Explicaranse cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos
acadados (Máximo 15 liñas)

Persoas destinatarias. Explicarase a quen se dirixiu o proxecto establecendo dous apartados:
persoas inmigrantes e persoas retornadas, o seu numero, idades, sexo e país de procedencia.

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarse o equipo que levou a cabo as
actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se
desenvolveron para a súa execución.

Nome e apelidos	Funcións levadas a cabo no proxecto	Actividades en que participou	Tarefas que desenvolveu nas devanditas actividades

Explicar o impacto que tivo na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto
multiplicador e o seguimento (Máximo 15 liñas)

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto.

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto (Máximo 15 liñas)

Explicación de como se fixo a difusión e visibilidade do proxecto. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública; e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

Persoa de contacto para realizar consultas sobre a presente xustificación

NOME:	APELIDOS:
FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE:	
ENDEREZO ELECTRÓNICO:	TELEFONO/S:

ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO PROXECTO. Se o desenvolvemento do proxecto conlevou a execución de varias actividades, cubrir o seguinte esquema para cada unha delas.

NOME DA ACTIVIDADE:
OBXECTIVO DA ACTIVIDADE (Máximo 5 liñas)
DESCRIBIR O QUE SE FIXO (Máximo 15 liñas)
PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE. Establecendo dous apartados: persoas inmigrantes e persoas retornadas, o seu numero, idades, sexo e país de procedencia.
LUGAR DE REALIZACIÓN:
DATAS (Indicar meses/días nos que comezou e rematou a actividade, e/ou número de horas se procede):
ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:
RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

ANEXO III
XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN

D. _____ como representante legal de:
Entidade beneficiaria:
NIF:

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado:

____ Na súa totalidade
____ Parcialmente

Actividade ou programa:
Datas de realización:
Importe do Proxecto:
Importe da subvención concedida:

2º.-Que os gastos xerados na/s actividade/s concreta/s do programa/s subvencionado/s son os seguintes:

CONCEPTO (1)	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	NIF PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	FORMA DE PAGAMENTO (2)	IMPORTE EN €

RELACIÓN DE FACTURAS

(1) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á sinatura do convenio, segundo o ANEXO I.

(2) Forma de pagamento: Cheque, Transferencia, Efectivo.

3º.-**DECLARO** que a relación de **NÓMINAS/RETRIBUCIÓNS** das persoas traballadoras destinadas a desenvolver a actividade/programa _____ do convenio asinado co Concello de Santiago para o ano 2026, que se presentan para a xustificación son as seguintes:

DATA NÓMINA	NOME TRABALLADOR/A	% DA XORNADA LABORAL APLICABLE AO PROXECTO	IMPORTE NÓMINA APLICABLE PROXECTO*	IMPORTE SEGURIDADE SOCIAL APLICABLE AO PROXECTO*	DATA DE PAGO NÓMINA	FORMA DE PAGO	IMPORTE SEGUR. SOCIAL APLICABLE AO PROXECTO	DATA PAGO SEGURIDADE SOCIAL	FORMA PAGO SEGUR. SOCIAL

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

** Importes vinculados ao % da xornada laboral que se detallou, no caso de non aplicarlle a este Convenio o 100% da xornada*

4º.- Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a

5º.- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

☐ Non ten concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicitou esta subvención.

☐ Ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicitou esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P (1)	IMPORTE€ (2)	% (3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S (solicitada), C (concedida), P (percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe de axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución

6º.- Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DAS FACTURAS PAGADAS EN EFECTIVO

DATOS DA ENTIDADE
NOME OU RAZÓN SOCIAL
NIF ENDEREZO
LOCALIDADE
TELÉFONO/S CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACION
NOME E APELIDOS
NIF EN CALIDADE DE

DECLARO que na relación de **FACTURAS pagadas en efectivo** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Excmo. Concello de Santiago para a realización da actividade/programa _____ do ano 2026 son as seguintes:

CONCEPTO (1)	Nº DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	NIF PROVEDOR/A OU EMISOR/A	DATA PAGAMENTO	FORMA DE PAGAMENTO (2)	IMPORTE EN EUROS

(1) Concepto: Conceptos establecidos no orzamento desagregado presentado pola Entidade, á sinatura do convenio.

(2) Forma de pagamento: Efectivo

DECLARO que ditas facturas foron pagadas integramente con cargo aos fondos da Asociación/Entidade _____ Así mesmo,

DECLARO coñecer que non se poderán presentar facturas pagadas nesta modalidade con importe superior ao límite establecido no presente convenio, que se establece en 300 € (trescentos euros) por cada factura, non podendo fraccionar o importe das facturas.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZÓN SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TFNO/S

CORREO ELECTRÓNICO

E. NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/actividade subvencionada _____ obxecto do convenio, , de conformidade co establecido na **cláusula sétima** do convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.

A tal efecto achegase coa memoria reportaxe fotográfica e/ou audiovisual que reflicte o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.

- Apórtanse como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla páxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos o/s seguinte/s:

- Indícanse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE